

## **DECRETO DA ALCALDIA 749/2008**

**Expte. RE – 375/2008**

### **Antecedentes**

1.- En data de 8/8/2008, incoase expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade das obras de “Pavimentaciones Varias y Saneamiento en el Concello de Vilaboa (Pontevedra)”.

2.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 28/8/2008 apróbase o expediente de contratación e o gasto das obras de “Pavimentaciones Varias y Saneamiento en el Concello de Vilaboa (Pontevedra).

3.- Formuladas as correspondentes solicitudes de participación ás empresas “José Angel Otero Cordeiro”; “GBT Ejecución Estructural” e “Construcciones Vale s.l.” e esgotado o prazo de presentación de proposicións, en data de 15/9/2008, certificouse a presentación de proposicións por parte de “GBT Ejecución Estructural s.l.” e “Construcciones Vale s.l.”.

4.- A Mesa de Contratación en data de 18/9/2008 emite a seguinte proposta de resolución:

*“1. Rexeitar a proposición presentada pola empresa Construcciones Vale S.L. ao incurrir na causa de incompatibilidade determinada no artigo 45 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público consistente na prohibición da concurrencia ás licitacións de empresas que houberan participado na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato e excluír á mesma do procedemento de licitación.*

*2. Rexeitar a proposición presentada pola empresa GBT Ejecución Estructural s.l. e excluír á mesma do procedemento de licitación, por canto os defectos observados na documentación non se consideran emendables e a Cláusula 15 parágrafo cuarto establece que a non constitución de garantía provisional dentro do prazo será causa de exclusión automática da licitación*

*3. Declarar deserto o procedemento.”*

Vistos os antecedentes anteriores, en uso das competencias atribuídas pola Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público,

### **RESOLVO:**

1.- Avocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

2.- Rexeitar a proposición presentada pola empresa Construcciones Vale S.L. ao incurrir na causa de incompatibilidade determinada no artigo 45 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público consistente na prohibición da concurrencia ás licitacións de empresas que houberan participado na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato e excluír á mesma do procedemento de licitación.

3. Rexeitar a proposición presentada pola empresa GBT Ejecución Estructural s.l. e excluír á mesma do procedemento de licitación, por canto os defectos observados na documentación

administrativa aportada non se consideran emendables e a Cláusula 15 parágrafo carto do prego de cláusulas administrativas particulares establece que a non constitución de garantía provisional dentro do prazo será causa de exclusión automática da licitación.

4. Declarar deserto o procedemento de licitación.

5. Ratificar este Decreto na próxima sesión da Xunta de Goberno Local.

Vilaboa, 23 de setembro de 2008  
O Alcalde

José Luis Poceiro Martínez.